Conservatorio Profesional de Música de Vigo

# Programación de Música de Cámara de Percusión

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# Índice

**1. Introdución ... 4**
1.1 Marco Legal ... 4
1.2 Características do centro ... 5
1.3 Características do alumnado ... 6
**2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais no grao profesional ... 7**
**3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais ... 8**
**4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Música de Cámara ... 9**
4.1 A materia de Música de Cámara ... 9
4.2 Elementos curriculares ... 10
4.2.1 Obxectivos ... 10
4.2.2 Contidos ... 11
4.2.3 Criterios de avaliación ... 11
**5. Metodoloxía ... 13**
5.1 Principios metodolóxicos ... 13
5.2 Métodos didácticos ... 14
**6. Atención á diversidade ... 15**
**7. Temas transversais ... 16**
7.1 Educación en valores ... 16
7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) ... 17
**8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas ... 18**
8.1 Actos institucionais ... 18
8.2 Cursos e clases maxistrais ... 19
8.3 Audicións ... 19
8.4 Outros ... 19
**9. Secuenciación por cursos ... 20**
9.1 Curso: 5º de grao profesional ... 20
9.1.1 Obxectivos ... 20
9.1.2 Contidos ... 20
9.1.3 Avaliación ... 22
9.1.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ... 25
9.1.5 Medidas de recuperación ... 26
9.1.6 Recursos didácticos ... 26
9.2 Curso: 6º de grao profesional ... 28
9.2.1 Obxectivos ... 28
9.2.2 Contidos ... 28
9.2.3 Avaliación ... 30

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

9.2.4 Medidas de recuperación ........ 34
9.2.5 Recursos didácticos ........ 34
**10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica ........ 35**
**11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento ........ 36**
**12. ANEXO ........ 37**
12.1 Listado de obras orientativas ........ 37
12.2 Faltas de asistencia ........ 39

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# 1. Introdución

A presente Programación Didáctica de Música de Cámara para a especialidade de Percusión está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos dous cursos do grao profesional nos que se imparte, e foi realizada polo profesorado do departamento de percusión de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigo 10º do capítulo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantizando que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

## 1.1 Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

## 1.2 Características do centro

O Conservatorio Profesional de Música de Vigo é un centro público creado no ano 2003 despois da separación obrigatoria tal e como dispoñía a Lei Orgánica 1/1990 Xeral de Ordenación Educativa do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Sito na rúa Fotografo Felipe Prósperi s/n, entre a Avenida da Florida e Praza da Miñoca, o centro conta con instalacións axeitadas ás ensinanzas musicais, resultando un tanto escaso de espazos para a demanda que unha cidade como Vigo fai das ensinanzas musicais.

O centro sitúase na bisbarra de Vigo, zona amplamente industrializada. A actividade musical da zona xira en torno á existencia de un grande número de bandas populares e coros onde moitos/as alumnos/as reciben unha formación musical inicial. Existen tamén na zona un número importante de escolas de música públicas  e privadas, e nos últimos anos tamén se crearon varias formacións do ámbito orquestral.

O propio Conservatorio e algunhas entidades privadas (bancos, fundacións, sociedade filarmónica, etc.) programan actividades musicais. A cidade carece de fonoteca pública e de biblioteca musical especializada (a excepción da do propio centro).

A maiores da actividade docente da ensinanza de música, no Centro realizanse diferentes actividades extraescolares e complementarias co obxectivo de completar a formación do alumnado: concertos, conferencias e cursos de especialización, e outros.

A ensinanza que se imparte no Conservatorio Profesional de Música de Vigo é a de música, regulada pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación e polo Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro polo que se fixan os aspectos básicos

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

das ensinanzas profesionais de música, sendo na Comunidade Autónoma de Galicia os decretos polos que se regula o grao elemental e profesional o 198/2007, do 27 de setembro, e 203/2007, do 27 de setembro.

## 1.3 Características do alumnado

O centro conta cunha media de 640 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría dos discentes do grao elemental pertencen á bisbarra de Vigo, agás algúns que veñen para cursar especialidades que non se imparten noutros conservatorios da provincia.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos. O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresae a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

É de destacar que as preferencias do alumnado no seu tempo de lecer, sigan relacionadas coa música, debido á importancia que dan á asistencia a concertos ou á escoita da mesma na casa. As outras afeccións do alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Vigo son a lectura e os deportes.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensinanzas artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

## 2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais no grao profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

a) Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

c) Analizar e valorar a calidade da música.

d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# 3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

No Decreto 203/2007, de ordenación das ensinanzas profesionais, recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# 4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Música de Cámara

## 4.1 A materia de Música de Cámara

A práctica da música de cámara durante o período de estudos correspondente ás ensinanzas profesionais de música responde a un conxunto de necesidades do alumnado de música que dificilmente poden ser atendidas se non é a través desta actividade.

A actividade camerística supón o vehículo fundamental para integrar e poñer en práctica unha serie de aspectos técnicos e musicais cuxo aprendizaxe a través dos estudos instrumentais e teóricos posúe forzosamente un carácter analítico que debe ser obxecto dunha síntese ulterior a través da práctica interpretativa.

A práctica da música de cámara cumpre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical en todos os seus aspectos. O repertorio camerístico constitúe o medio idóneo para que o alumno e a alumna desenvolvan o sentido da afinación, desenvolvemento que non pode deixar de ser intuitivo e mimético, que se resiste a ser ensinado ou transmitido por métodos racionais e que require unha longa praxe musical, preferentemente en conxunto.

Unha das características fundamentais da práctica camerística é a ausencia de director ou directora. Iso obriga a desenvolver as competencias necesarias de comunicación visual e xestual entre os membros do grupo, aprender a valorar a importancia da respiración conxunta, establecer criterios comúns de interpretación e, en definitiva, favorecer o desenvolvemento dunha nova dimensión da interpretación baseada na codirección.

Así mesmo, o exercicio da música de cámara estimula a capacidade - imprescindible para todo músico - para escoitar os outros instrumentos mentres se toca o propio e para desenvolver o sentido de «sonoridade do conxunto».

A interacción entre diversos instrumentistas colabora, de igual xeito, no desenvolvemento da sensibilidade en materia de dinámica, fraseo, ritmo e vibrato: en canto á «dinámica», por exixir unha sensibilización con respecto á audición de planos sonoros e á percepción da función desempeñada en cada momento por cada un dos instrumentos (solística, acompañante, contrapuntística, harmónica, etc.); en canto ao «fraseo», porque colabora a desenvolver o sentido do diálogo e a mímese musical; en canto «ritmo», porque a música de conxunto exixe por si mesma unha precisión e compenetración rítmica que faga posible a simultaneidade e o axuste entre os diversos instrumentos, á vez que propicia o desenvolvemento da comunicación a través do xesto, e de calquera outra forma non verbal, entre os instrumentistas (entradas, definición do tempo, rubato e outras modificacións do tempo, cortes finais, respiracións, etc.); en canto ao «vibrato», no sentido de que a práctica camerística obriga a homoxeneizar e simultanear o período, velocidade e amplitude dos diversos vibratos.

A música de cámara obriga os músicos que a practican a desenvolver determi-

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

nados hábitos de autodisciplina e método extremadamente beneficiosos, tales como a homoxeneización da articulación, a planificación dos golpes de arco nos instrumentos de corda ou das respiracións nos de vento, etc., á vez que permite o contraste do instrumento propio con outros de diferente natureza.

Desde un punto de vista musical, a práctica camerística é imprescindible para a maduración dun músico no terreo da expresividade e a emotividade, posto que supón un campo idóneo para que a capacidade afectiva do futuro músico xurda na súa interpretación, feito que debe ser propiciado canto antes.

Pola súa vez, o intercambio de ideas e a confrontación entre diversos puntos de vista interpretativos resulta sumamente formativa e estimulante para un instrumentista en período de formación, colabora ao desenvolvemento da capacidade analítica e fomenta a que a interpretación responda a unha idea musical e transcenda o nivel de mera lectura.

A práctica e o coñecemento do repertorio de cámara supón un paso decisivo no coñecemento do repertorio do instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.

En suma, o cultivo da música de cámara resulta absolutamente complementaria da formación instrumental, permitindo a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos na clase de instrumento, dentro dunha actividade que, por mor do seu carácter lúdico, permite a práctica musical en condicións ideais de espontaneidade e distensión.

## 4.2 Elementos curriculares

En canto aos elementos curriculares que serviron de base para a elaboración desta programación, estes pódense consultar no Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

### 4.2.1 Obxectivos

a) Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.

b) Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.

c) Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.

d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

### 4.2.2 Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agóxica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Conxunto de instrumentos monódicos.
- Cuarteto de corda: igualdade de son nos distintos ataques do arco, vibrato, afinación, etc., distribución do arco para o fraseo.
- Quinteto de vento: igualdade nos ataques, articulación, fraseo, etcétera. Respiración, afinación e vibrato.
- Conxunto de metais: práctica camerística en formacións diversas.
- Cámara con piano: equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.
- Voz e piano: acompañamento ao canto.
- Equilibrio de cordas, vento e piano. Articulación, afinación, fraseo, etc.
- Estudo de obras de cámara con clavecín ou instrumento polifónico obrigado.
- Aplicación dos coñecementos de baixo continuo ao acompañamento de un ou varios solistas.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

### 4.2.3 Criterios de avaliación

1) Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente.

   Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.

2) Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte.

   Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo, pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.

3) Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.

   Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de flui-

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

dez e comprensión da obra.

4) Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado.

   Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.

5) Interpretación pública de obras de estilos e épocas diversas.

   Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

6) Interpretación pública dunha obra contemporánea con formación instrumental heteroxénea.

   Mediante este criterio preténdese comprobar o grao de comprensión da linguaxe contemporánea, o coñecemento de efectos e grafías, así como o equilibrio sonoro dentro dun conxunto de instrumentos de morfoloxías diversas e pouco habituais.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# 5. Metodoloxía

Pola propia natureza da materia de música de cámara, ao ter unha maior carga de traballo colectivo, as técnicas de ensinanza serán en grupo e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos, desde a preparación das obras do repertorio escollido hasta a súa presentación dentro dun programa de concerto.

Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte, dando lugar a unha maior concreción desta programación segundo as necesidades que o profesorado detecte en cada caso.

## 5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de música de cámara de percusión require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nos ensaios colectivos, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo á hora de enfrontarse á partitura de forma individual.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** O feito de tratarse de grupos non moi grandes facilitará que en cada clase teñamos en conta, na medida do posible, a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Fomentarase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado do grupo en cada clase.
- **Significación**: Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

- **Interdisciplinariedade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

## 5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.

b) Que o que se ensine presente unha estructura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.

c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.

d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# 6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de conxunto de percusión teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagoxía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# 7. Temas transversais

A nosa materia de conxunto de percusión tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes asignaturas que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

## 7.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** trataremola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademáis, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independientemente do sexo ao que pertenzan.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademáis de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respeto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respeto aos

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

demáis… Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

## 7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagoxía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Desde a materia de Conxunto de Percusión este uso das TIC´s encamiñarase principalmente a dous aspectos, para o traballo das pezas e para o disfrute a través da música.

Para o estudo persoal das diferentes partes aconsellarase contar co apoio de diferentes recursos tecnolóxicos, dende programas de audio que rebaixen a velocidade e diferentes aplicacións para a busca de versións, ata o visionado de gravacións realizadas tanto no momento do estudo como no da interpretación das pezas traballadas.

Do mesmo xeito fomentarase a procura e análise de diferentes versións das pezas traballadas, así como o interese polo coñecemento de novas pezas de diferentes estilos musicais e disfrute a través dunha escoita activa, tanto de forma online como presencial en concertos en directo.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# 8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Dentro da Sección II do Proxecto Educativo de Centro do noso conservatorio, referente ás normas de organización e funcionamento, e concretamente no título cuarto do capítulo 4, establécese que estas actividades se poderán clasificar en actos institucionais, cursos e clases maxistrais, audicións e outros.

O alumnado de Percusión terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende o Departamento de Percusión, agás nas audicións, onde si deberán participar.

A organización de todas as actividades extraordinarias e complementarias do conservatorio correspóndenlle, como norma xeral, ao Equipo de Actividades Culturais e á Vicedirección como coordinadora do dito equipo. Para todas estas actividades agás as audicións de aula (non sendo casos especiais que así o requiran), establecerase un plan de actuación que pode ser consultado no artigo 36º do título cuarto da sección do Proxecto Educativo do Centro anteriormente citado.

## 8.1 Actos institucionais

No curso académico 2003/2004 decidiuse iniciar a institucionalización dunha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do centro. Seguindo esta liña de continuidade, as posibles participacións do Departamento de Percusión serían nos seguintes actos:

- Concerto de apertura do Curso Académico: Terá lugar ao inicio do curso.
- Concertos Benéficos: en colaboración con entidades benéficas, coa posibilidade de recadación de donativos. Así mesmo, intentarase celebrar fóra do centro, nalgún lugar que garanta a maior difusión posible.
- Ciclos de concertos, como por exemplo o Ciclo de Primavera onde cada ano se convida a solistas e agrupacións tanto externas como con participación dalgún membro do claustro.
- Acto de graduación: Alumnado que remata os estudos do 4º curso do grao elemental e o 6º curso do grao profesional.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección da nosa tarefa profesional.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

## 8.2 Cursos e clases maxistrais

Os cursos e clases maxistrais que se desexen organizar, unha vez aprobados no seo do departamento correspondente trasladaranse ao Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que o Departamento de Percusión teña algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro e sería incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar.

No caso de haber orzamento para as actividades, será o Consello Escolar quen estableza os criterios de distribución do mesmo.

## 8.3 Audicións

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, cada departamento organizará audicións de alumnos que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso. Ditas audicións serán públicas e se realizarán en tres períodos ao longo do curso, coordinadas pola Vicedirección.

Solicitarase dos departamentos colaboración para a elaboración de calendarios coas propostas de datas para as diferentes audicións que se queiran organizar ao longo do curso. Estas propostas serán estudadas pola Vicedireción para poder adxudicar datas, espazos e horarios definitivos.

O grupo de percusión de conxunto participará como mínimo en tres audicións ao longo do curso que poderán ser tanto de aula como no auditorio do centro e nas que o alumnado deberá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando a ou as obras que o profesor ou profesora indique.

## 8.4 Outros

O centro colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, como son os “Premios Honoríficos David Russell”, ou os concertos pedagóxicos para colexios, entre outros, nos que o Departamento de Percusión podería propoñer alumnado para a súa inclusión nestas actividades.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# 9. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Música de Cámara da especialidade de Percusión nos dous cursos do grao profesional.

## 9.1 Curso: 5º de grao profesional

### 9.1.1 Obxectivos

a) Interpretar obras de diferentes estilos e dificultade axeitada ao nivel empregando os recursos interpretativos necesarios para dotalas de sentido.

b) Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.

c) Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: articulación, coordinación entre as dúas mans, dinámica, etc.

d) Coñecer e respectar as normas que esixe toda actuación en grupo.

e) Desenvolver a capacidade de escoitar ao resto de intérpretes mentras se executa a propia parte.

f) Utilizar unha ampla e variada gama sonora acorde ao establecido na partitura e buscando sempre o equilibrio dentro da sección.

g) Coñecer e aplicar diferentes estratexias que posibiliten e faciliten a memorización das pezas traballadas.

h) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista a través da lectura de pezas sinxelas de grupo.

i) Utilizar de forma autónoma e creativa diversas fontes de información para o coñecemento e disfrute da música.

j) Actuar en público, con ou sen director, con actitude aberta, interesada e respetuosa, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coa propia participación e coa aportación dos demáis.

### 9.1.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de natureza procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluidos no decreto atendendo a

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

unha serie de principios e criterios que se presentan a continuación:

- Presentación lóxica.
- Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.
- Establecemento dun gran número de relacións pertinentes entre uns contidos e outros.
- Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.
- Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.
- Interrelación: procurouse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

O alumnado deberá estudar ao longo do curso un mínimo de tres obras axeitadas ao nivel, de diferentes estilos e formacións, nas que se traballarán os seguintes contidos:

a) Aplicación das técnicas concretas de cada instrumento de percusión: láminas, parches e pequena percusión.
b) Contidos propios da Linguaxe Musical: tipos de compases, tonalidades, agóxica, dinámica, fraseo, etc.
c) Desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distinta intensidade entre ambas as mans, tratando de alcanzar unha diferenciación dinámica xa se trate da relación melodía-acompañamento ou de presentacións contrapuntísticas de maior complexidade.
d) Interpretación en público, con o usen director, do repertorio traballado en clase realizando unha axeitada posta en escena.
e) Coñecemento básico de ritmos populares en instrumentos latinoamericanos, técnica de todos os instrumentos, obras para percusión combinada
f) Práctica de improvisación grupal nos diferentes instrumentos tanto guiada como libre.
g) Estudo e análise das obras propostas de diferentes estilos musicais e axeitadas ao nivel.
h) Coñecemento e práctica dos xestos que faciliten a interpretación coordinada tanto con director/a como sen el o ela: inicio, transcurso e final das pezas.
i) Estudo e práctica dos xestos necesarios para tocar sen dirección.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

j) Protocolo de posta en escena.
k) Práctica da lectura a primeira vista a través de pezas sinxelas.
l) Audicións comentadas de diferentes versións das pezas traballadas.
m) Interese por coñecer o emprego correcto dos contidos estudados
n) Actitude ordenada no traballo, planificando con antelación o estudo persoal.
o) Esforzo por mellorar tanto o rendemento propio coma o do grupo.
p) Valoración do pracer de escoitar música
q) Coñecemento e respecto dos diferentes estilos de música
r) Apreciación do silencio e dos beneficios que reporta
s) Participación activa na clase e interese polas actividades que se desenvolvan nela
t) Respeto e tolerancia hacia os compañeiros e á creación artística
u) Coñecemento e valoración das achegas da tecnoloxía ao desenvolvemento da música
v) Desenvolvemento dunha actitude crítica positiva ante os traballos realizados na clase
w) Respeto e aprecio das propias capacidades e as dos compañeiros
x) Adopción, desde o principio, de normas de colaboración e responsabilidade dentro da aula
y) Asistencia a clase e puntualidade
z) Valoración e respeto das normas e no uso e mantemento dos instrumentos e materiais da aula

### 9.1.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.
- **Avaliación continua:** A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **65% da nota**. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.
- **Avaliación puntual:** Levarase a cabo nas audicións e concertos do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **35% da nota**.

#### 9.1.3.1 Criterios de avaliación

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
2. Demostrar o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento adaptándose ao contexto da práctica de grupo.
4. Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.
5. Ler en grupo obras a primeira vista axeitadas ao nivel dos compoñentes do grupo con fluidez e correción.
6. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación de acordo cos criterios do estilo correspondente dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
7. Demostrar capacidade para actuar como responsable do grupo durante a interpretación.
8. Interpretar en público, con ou sen director, as obras propostas demostrando capacidade comunicativa e calidade artística
9. Coñecer e aceptar as normas básicas que rixen a audición musical e o traballo en grupo, atendendo ás diferentes situacións e estilos musicais

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

#### 9.1.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar con correción técnica e estilística todas as obras programadas para o curso aplicando o aprendido.
- Ser quen de escoitar aos demáis mentras toca e de integrarse no grupo seguindo as normas que rixen toda práctica en conxunto.
- Coñecer e empregar a xestualidade que permita a comunicación entre os membros do grupo durante a interpretación sen director e a súa perfecta integración nel.
- Desenvolver hábitos correctos e eficaces para o estudo das partituras

#### 9.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.
  Este procedemento **i**nfórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.
- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.
  Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.
- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.

En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregaranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en vídeo dos concertos.

Como medida de homoxeneización dentro do departamento de conxunto, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

| Aspectos a avaliar na interpretación | Porcentaxe |
|---|---|
| Posición corporal e respiración (coordinación, postura, relaxación, respiración individual e de conxunto, etc.) | **20%** |
| Calidade do son e/ou afinación (cor, timbre, ataques, etc.) | **20%** |
| Corrección e adecuación co escrito na partitura (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | **20%** |
| Interpretación acorde ao estilo (entendemento da partitura, aplicación dos recursos técnicos do instrumento, expresión, carácter, fluidez, adaptación ao grupo, etc.) | **25%** |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | **15%** |

#### 9.1.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

- **Traballo de cada alumno en canto ó estudio persoal e de conxunto**, valorando a súa responsabilidade como parte integrante dun grupo. Valorarase nun **50%**.
- **A corrección na interpretación nos seguintes aspectos:** dominio da obra, corrección na articulación, agóxica, dinámica, fraseo, equilibrio dos distintos planos sonoros, adaptación ó conxunto, estilo apropiado. Valorarase nun **35%.**
- **A actitude e asistencia continuada a clase** como medio para lograr os obxectivos previstos e poder permitir o progreso do traballo en grupo. Valorarase nun **10%**.
- **Cultura musical xeral e da propia especialidade:** Valorarase o coñecemento contextual das obras traballadas, o uso de vocabulario específico, agrupacións similares á propia representativas, asistencia e valoración posterior de concertos e cursiños, etc. Valorarase nun **5%.**

As notas expresaránse en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

### 9.1.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que logo da orientación do profesorado así o solicite, conforme a criterios obxectivos e á

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

súa adecuada madureza e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire a acceder.

O departamento de Conxunto do CMUS Profesional de Vigo establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a consecución de todos os obxectivos reflexados na programación do curso que quere superar.

Devandita proba poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non voto aquel profesor ou profesora que non sexa o da materia de conxunto, e o alumno ou alumna interpretará unha serie de pezas ou fragmentos escollidos polo profesor dos programados para dito curso, ben coa participación do resto de compoñentes do grupo, de ser posible, ou coa utilización dunha gravación das pezas a modo de playback.

Os criterios de avaliación que se aplicarán serán os propios do curso que quere superar e os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas.

### 9.1.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e na proba extraordinaria. A proba ordinaria está dirixida ao alumnado que non acadou os obxectivos do curso, ben por non ter cualificacións trimestrais positivas; porque o profesorado non pode levar a cabo os procedementos de avaliación debido as faltas de asistencia, ou por outra razón. A proba extraordinaria está dirixida ao alumnado que non acade cualificación positiva na avaliación ordinaria de fin de curso.

#### 9.1.5.1 Proba ordinaria

A proba ordinaria realizarase con anterioridade a avaliación ordinaria de final de curso e o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos a interpretar.

#### 9.1.5.2 Probas extraordinarias

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación ordinaria poderá realizar a proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos a interpretar.

### 9.1.6 Recursos didácticos

Pola propia natureza da nosa ensinanza resulta imposible prever o número de alumnos cos que se pode contar cada curso, algo que fai inviable a planificación concreta de obras a traballar. Por esta razón no ANEXO incluímos un listado de obras orientativas sobre as que o profesor ou profesora da materia de música de

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

cámara da especialidade de percusión realizará unha selección acorde co nivel e número de intérpretes cos que conte para o desenvolvemento da clase.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

## 9.2 Curso: 6º de grao profesional

### 9.2.1 Obxectivos

a) Interpretar dentro da sección obras de diferentes estilos de dificultade axeitada ao nivel empregando os recursos interpretativos necesarios.

b) Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical

c) Ser quen de escoitar simultáneamente as outras partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora e o balance dentro do grupo.

d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada, tanto con director coma sen el.

e) Comprender a importancia do silencio como condición previa e indispensable para a existencia de música e como elemento de harmonía na relación cun mesmo e cos demáis, concienciándose da agresión que suporía o uso indiscriminado do son

f) Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: articulación, coordinación entre as dúas mans, dinámica, etc.

g) Adquirir o dominio técnico dos instrumentos da especialidade que se utilicen, así como a coordinación rítmica e motriz que esixe o seu conxunto co fin de conseguir unha interpretación de calidade

h) Usar unha amplia e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demáis instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas e estilísticas da obra

i) Adquirir a través do estudo e da práctica un dominio do corpo e a mente que permita utilizar con seguridade a técnica e a memoria para poder concentrarse na audición e na interpretación.

j) Utilizar de forma autónoma e creativa diversas fontes de información para o coñecemento e disfrute da música

k) Actuar en público, con ou sen director, con actitude aberta, interesada e respetuosa, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coa propia participación e coa aportación dos demáis.

### 9.2.2 Contidos

Do mesmo xeito que se comentou no apartado relativo ao quinto curso, seguimos a tomar como punto de partida no tratamento dos contidos desta programa-

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

ción a globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de natureza procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluidos no decreto atendendo a unha serie de principios e criterios que se presentan a continuación:

- Presentación lóxica.
- Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.
- Establecemento dun gran número de relacións pertinentes entre uns contidos e outros.
- Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.
- Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.
- Interrelación: procurouse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

O alumnado deberá estudar ao longo do curso un mínimo de tres obras axeitadas ao nivel, de diferentes estilos e formacións, nas que se traballarán os seguintes contidos:

a) Aplicación das técnicas concretas de cada instrumento de percusión: láminas, parches e pequeña percusión.

b) Contidos propios da Linguaxe Musical: tipos de compases, tonalidades, agóxica, dinámica, fraseo, etc.

c) Desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distinta intensidade entre ambas as mans, tratando de alcanzar unha diferenciación dinámica xa se trate da relación melodía-acompañamento ou de presentacións contrapuntísticas de maior complexidade.

d) Interpretación en público, con o usen director, do repertorio traballado en clase realizando unha axeitada posta en escena.

e) Coñecemento básico de ritmos populares en instrumentos latinoamericanos, técnica de todos os instrumentos, obras para percusión combinada

f) Práctica de improvisación grupal nos diferentes instrumentos tanto guiada como libre.

g) Estudo e análise das obras propostas de diferentes estilos musicais e

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

axeitadas ao nivel.

h) Coñecemento e práctica dos xestos que faciliten a interpretación coordinada tanto con director/a como sen el ou ela: inicio, transcurso e final das pezas.
i) Estudo e práctica dos xestos necesarios para tocar sen dirección.
j) Protocolo de posta en escena.
k) Práctica da lectura a primeira vista a través de pezas sinxelas.
l) Audicións comentadas de diferentes versións das pezas traballadas.
m) Interese por coñecer o emprego correcto dos contidos estudados
n) Actitude ordenada no traballo, planificando con antelación o estudo persoal.
o) Esforzo por mellorar tanto o rendemento propio coma o do grupo.
p) Valoración do pracer de escoitar música
q) Coñecemento e respecto dos diferentes estilos de música
r) Apreciación do silencio e dos beneficios que reporta
s) Participación activa na clase e interese polas actividades que se desenvolvan nela
t) Respeto e tolerancia hacia os compañeiros e á creación artística
u) Coñecemento e valoración das achegas da tecnoloxía ao desenvolvemento da música
v) Desenvolvemento dunha actitude crítica positiva ante os traballos realizados na clase
w) Respeto e aprecio das propias capacidades e as dos compañeiros
x) Adopción, desde o principio, de normas de colaboración e responsabilidade dentro da aula
y) Asistencia a clase e puntualidade
z) Valoración e respeto das normas e no uso e mantemento dos instrumentos e materiais da aula.

### 9.2.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.
- **Avaliación continua:** A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **65% da nota**. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.
- **Avaliación puntual:** Levarase a cabo nas audicións e concertos do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **35% da nota**.

#### 9.2.3.1 Criterios de avaliación

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
2. Demostrar o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais e estilísticos.
3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento, adaptando en todo momento a práctica propia aos intereses do conxunto.
4. Ler en grupo obras a primeira vista axeitadas ao nivel dos compoñentes do grupo con fluidez e correción.
5. Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio usando os recursos tecnolóxicos dos que se dispoña en caso de consideralos útiles ou necesarios seguindo un criterio axeitado.
6. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación de acordo cos criterios do estilo correspondente dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
7. Demostrar capacidade para actuar como responsable do grupo durante a interpretación.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

8. Interpretar en público, con ou sen director, as obras propostas demostrando capacidade comunicativa e calidade artística
9. Coñecer e aceptar as normas básicas que rixen a audición musical e o traballo en grupo, atendendo ás diferentes situacións e estilos musicais

#### 9.2.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar con correción técnica e estilística todas as obras programadas para o curso aplicando o aprendido.
- Ser quen de escoitar aos demáis mentras toca adaptándose en todo momento ás esixencias do conxunto.
- Integrarse no grupo seguindo as normas de convivencia que rixen toda práctica en conxunto.
- Coñecer e empregar a xestualidade que permita a comunicación entre os membros do grupo durante a interpretación con e sen director e a súa perfecta integración nel.
- Desenvolver hábitos correctos e eficaces para o estudo das partituras demostrando capacidade e criterio para valerse de recursos tecnolóxicos en caso de consideralo oportuno.

#### 9.2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.
  Este procedemento **i**nfórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.
- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.
  Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.
- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.

En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregaranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en vídeo dos concertos.

Como medida de homoxeneización dentro do departamento de conxunto, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:

| Aspectos a avaliar na interpretación | Porcentaxe |
|---|---|
| Posición corporal e respiración (coordinación, postura, relaxación, respiración individual e de conxunto, etc.) | **20%** |
| Calidade do son e/ou afinación (cor, timbre, ataques, etc.) | **20%** |
| Corrección e adecuación co escrito na partitura (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | **20%** |
| Interpretación acorde ao estilo (entendemento da partitura, aplicación dos recursos técnicos do instrumento, expresión, carácter, fluidez, adaptación ao grupo, etc.) | **25%** |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | **15%** |

#### 9.2.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

- **Traballo de cada alumno en canto ó estudio persoal e de conxunto**, valorando a súa responsabilidade como parte integrante dun grupo. Valorarase nun **50%**.
- **A corrección na interpretación nos seguintes aspectos:** dominio da obra, corrección na articulación, agóxica, dinámica, fraseo, equilibrio dos distintos planos sonoros, adaptación ó conxunto, estilo apropiado. Valorarase nun **35%.**
- **A actitude e asistencia continuada a clase** como medio para lograr os obxectivos previstos e poder permitir o progreso do traballo en grupo. Valorarase nun **10%**.
- **Cultura musical xeral e da propia especialidade:** Valorarase o coñecemento contextual das obras traballadas, o uso de vocabulario específico, agrupacións similares á propia representativas, asistencia

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

e valoración posterior de concertos e cursiños, etc. Valorarase nun **5%**.

As notas expresaránse en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

### 9.2.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e na proba extraordinaria. A proba ordinaria está dirixida ao alumnado que non acadou os obxectivos do curso, ben por non ter cualificacións trimestrais positivas; porque o profesorado non pode levar a cabo os procedementos de avaliación debido as faltas de asistencia, ou por outra razón. A proba extraordinaria está dirixida ao alumnado que non acade cualificación positiva na avaliación ordinaria de fin de curso.

#### 9.2.4.1 Proba ordinaria

A proba ordinaria realizarase con anterioridade a avaliación ordinaria de final de curso e o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos a interpretar.

#### 9.2.4.2 Probas extraordinarias

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación ordinaria poderá realizar a proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos a interpretar.

### 9.2.5 Recursos didácticos

Pola propia natureza da nosa ensinanza resulta imposible prever o número de alumnos cos que se pode contar cada curso, algo que fai inviable a planificación concreta de obras a traballar. Por esta razón no apartado 12.1 do ANEXO incluímos un listado de obras orientativas sobre as que o profesor ou profesora da materia de conxunto de percusión realizará unha selección acorde co nivel e número de intérpretes cos que conte para o desenvolvemento da clase.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# 10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que *"[…]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[…]",* este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación da programación será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Conxunto, e en concreto desde a materia de Conxunto de Percusión, para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

## 11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquelo que se estime oportuno.

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

# 12. ANEXO

## 12.1 Listado de obras orientativas

A continuación preséntase un listado de obras orientativas o cal non significa, por tanto, que teñan que ser usadas necesariamente polo/a profesor/a, senón que se este/a considera que outra peza reúne as características técnicas e estilísticas axeitadas, tanto para o nivel e interese do conxunto como para o seu propio interese, podería facer uso dela.

- *Amandi, Elisabeth;* Im Rhythmus des Ragtime II für Malett – Duo
- *Argenziano, Ed;* Stinkin´ Garbage
- *Bach, J.S. (arr. Fink);* Preludio y Fuga en FM
- Beck, John H.; G – Force
- *Beck, John;* Latin Fantasy
- *Bomhof, Gert;* Integration
- Brand, Morris Alan; Tijuana Samba
- *Brodmann, Hans-Günter;* Greetings to Hermann
- *Brown, Thomas A.;* Keystone Capers
- Cahn, William L. (arr.); La bamba
- Cirone, Anthony J.; 4/4 for four
- *Cirone, Anthony J.;* Japanese Impressions
- *Colgrass, Michael;* Percussion Music
- *Davila, Lalo;* Short circuits
- De Mey, Thierry; Palilalie
- Delecluse, Jacques; Trisnar
- Della Monica, Giovanni; Sambaco
- *Ervin, Karen;* Three – Play
- Faini, Philip; Bravura
- *Ford, Mark*; Stubernic
- *Giot, Claude;* Game pour Caisse- Claire et marimba
- *Harr, Haskell W.;* Black Cat quintette
- *Houllif, Murray;* Hip – Hop Deluxe

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

- Houllif, Murray; Plymouth Rock
- *Houllif, Murray;* Conversations for marimba and vibraphone
- Joyce, Kerryn and Man, Kevin; Entrata
- Katchaturian, A.; Sabre Dance
- *Kettle, Rupert;* Dining Room Music
- Le Van, R. K.; Interlock
- Lefever, Maxine; Lafayette
- Lefever, Maxine; Bandelier
- Lefever, Maxine; Mesa Verde
- *León, Silvia;* Aire Rítmico
- *Leonard, Stanley;* Bachiana for Percussion
- *Levitan, Daniel;* Duet for marimba and vibraphone
- *Levitan, Daniel;* Variations on a Ghanaian Theme
- Maricle, Sherrie; Rhythm Trip
- Martin, Iñaki; Duende
- Martinciow, M.; Burundi
- Martynciow, Nicolas; La festa per Due
- Meacham, F. (arr Murray Houllif); American Patrol
- *Menke, Manfred;* Eine kleine Tischmusik
- Montgomery, David; Rare Earth
- Nelson, Sheila M.; Pairs
- *Peck, Russell*; Lift Off
- *Peters, Mitchell;* Piece for Percusión
- *Rossini, Giacchino;* The William Tell Overture
- Schinstine, William J.; Four Hands a round
- *Serry, John;* Conversations for Timpani Duo
- *Sin nombre;* Drummers´ Delight
- *Sin nombre;* Ensemble No. 4
- Sin nombre; Redbone
- *Spears, Pared;* Blues and Chaser
- Stout, Gordon.; Triptych
- *Strauss, John;* Radetzki March

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
http://cmusvigo.gal

- Tradicional (arr. Tony Mason); Greensleeves
- Whaley, Garwood; Interplay
- *Wheatley, David;* Duo for two marimbas
- *Wiener, Ruud;* My Spanish Pas

## 12.2 Faltas de asistencia

Establécense dous tipos de faltas, xustificadas e sen xustificar. O alumnado perderá o dereito á avaliación continua se, por calquera circunstancia, falta ao 30% ou máis das clases ao longo do curso. Isto supón na nosa materia de Conxunto que non se poden ter máis de 6 faltas sen xustificar ou 9 xustificadas, pero nunca máis de 9 en total, sexan xustificadas ou non.

Para a xustificación das faltas haberá dispoñible na conserxería do Centro e na páxina web un formulario a tal efecto que debe de ser cuberto e entregado ao profesor titor. Este trasladarallo ao pertinente profesor da materia de Conxunto de percusión, que en todo caso será a persoa que acepte ou non tal falta como xustificada.